XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Procedemento Sancionador 1-2024

Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 7 de febreiro de 2024, polo que se incoa un procedemento sancionador en relación co Partido Popular, derivado da denuncia do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE (PSdG-PSOE) pola campaña en redes sociais "Illa de Estabilidade", por unha posible infracción do art. 53 da LOREX.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 23 de xaneiro de 2024, o representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE (PSdG-PSOE) formaliza unha denuncia fronte ao Partido Popular (PP) pola difusión nas redes sociais Twitter e Instagram do vídeo titulado: "Illa de Estabilidade" (doc. RE 313/2024), por unha presunta infracción do art. 53 da LOREX.

2. O 24 de xaneiro de 2024, trasladóuselle á representante xeral do Partido Popular (RS 663/2024) unha copia da denuncia para os efectos de formular alegacións.

3. Cumprindo o trámite concedido, o 25 de xaneiro de 2024, o Partido Popular formulou alegacións (RE 330).

4. O 29 de xaneiro de 2024, a Xunta Electoral de Galicia estima a denuncia e ordena a retirada das redes sociais do citado vídeo, sen que apreciara motivos suficientes para incoar un procedemento sancionador.

5. Contra o citado acordo, o Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE (PSdG-PSOE), presenta recurso de alzada que é estimado por acordo da *Junta Electoral Central* do 6 de febreiro de 2024 (expte. 293/1573), que revoga o acordo recorrido e ordena a incoación do correspondente procedemento sancionador pola presunta infracción do parágrafo segundo do art. 53 da LOREX.

FUNDAMENTO XURÍDICO

O art. 18 h) da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, atribúelle á Xunta Electoral de Galicia a competencia para corrixir as infraccións

que se produzan no proceso electoral e, consecuentemente, para resolver esta procedemento sancionador.

O artigo 153.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREX), regula as infraccións electorais das normas obrigatorias establecidas nela que non sexan constitutivas de delito e establece como sanción, unha multa de 100 a 1.000 euros, se a infracción é cometida por particulares.

Visto art. 53, segundo parágrafo, da LOREX, interpretado pola instrución 3/2011 da *Junta Electoral Central.*

Visto o artigo 120 da LOREX, que se remite á lei reguladora do procedemento administrativo común en todo o non expresamente regulado en materia electoral pola primeira.

Visto o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de aplicación supletoria.

A Xunta Electoral de Galicia, en execución do acordo da *Junta Electoral Central* do 6 de febreiro de 2024 adopta o seguinte

ACORDO

Primeiro. Incoar, en execución do acordo da Xunta Electoral Central, procedemento sancionador en relación co Partido Popular, derivado da denuncia do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE (PSdG-PSOE) pola campaña en redes sociais "Illa de Estabilidade", por unha posible infracción do art. 53, segundo parágrafo, da LOREX.

Segundo. Nomear instrutor a don Antonio Martínez Quintanar, vogal da Xunta Electoral de Galicia, e secretario a don Xosé Antón Sarmiento Méndez, secretario da Xunta Electoral de Galicia. Ambos manifestan a aceptación do nomeamento e declaran non estar incursos en causa de abstención das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e normativa aplicable.

Terceiro. Conforme ao disposto no art. 64.2.d) da LPAC, a entidade política presuntamente responsable poderá recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade, cos efectos previstos no art. 85 da dita lei.

Cuarto. A entidade política presuntamente responsable poderá exercer os dereitos previstos no art. 64.2.e) da LPAC.

Quinto. Comunicarlle este acordo á representación xeral do Partido Popular para os efectos do seu coñecemento e, se é o caso, para que poida recusar ao instrutor e ao secretario sempre que se dean neles algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. A recusación deberá facerse por escrito dirixido á Xunta Electoral de Galicia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 19:00 horas do próximo día 8 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal